



**ASUNTO.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO GRUPO NACIONALISTA GALEGO (BNG) CONTRA A SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORZAMENTOS E FACENDA CELEBRADA O DÍA 7 DE NOVEMBRO DE 2023. EXPTE. 4139-1101.**

## I.- INFORME-PROPOSTA

### ANTECEDENTES

#### Expte. 4126-1101

Mediante resolución do 7 de novembro de 2023, o concelleiro de Orzamentos e Facenda en calidade de Presidente da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, convocou sesión extraordinaria e urxente de dita comisión para o mesmo día 7 de novembro de 2023, ás 14.30h en primeira convocatoria, e ás 15.00h en segunda convocatoria, coa seguinte orde do día:

- Ratificación da urxencia
- Comunicación do calendario previsto e apertura de prazo de presentación de emendas en expediente de aprobación do Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2024. Expte 80/142.

Dita convocatoria foi notificada por correo electrónico a todas/os concelleiras/os que son membros da mesma mediante correo electrónico da Secretaria de Goberno Local de data 07-11-2023, sendo as 14.16h. Con carácter previo a esta notificación por correo electrónico da convocatoria, sendo as 14.13 horas activouse o acceso de todas/os as/os concelleiras/os ao expediente electrónico núm. 80-142, que incluía a motivación da urxencia da sesión a celebrar.

#### Expte. 4139-1101

O día 14-11-2023 o voceiro do Grupo Municipal do BNG, Xabier Pérez Iglesias, presenta no Rexistro do Pleno, recurso contra a celebración da sesión, abeirado nos seguintes fundamentos:

- Incumprimento inxustifico
- Falta de motivación da urxencia
- Enunciado incorrecto da convocatoria polo enunciado do segundo punto na orde do día
- Impedimento efectivo dos dereitos fundamentais de asistencia ás sesións

## 2.- FUNDAMENTOS

### a) Incumprimento inxustifico

CONCELLO DE VIGO. Praza do Rei, 1-36202 Vigo (Pontevedra)-986 81 02 19 - [ofi.asexur@vigo.org](mailto:ofi.asexur@vigo.org) - Buzón Lexnet Ayuntamiento de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/12/2023 13:34	Páxina 1 de 9
4139-1101	CSV: A7AC36-8CBDEH-DHDFB6-SC6R15-EU3XD5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Ao abeiro do establecido polo art. 32 do Regulamento Orgánico do Pleno, o funcionamento das comisións informativas do Concello de Vigo axustarase ao previsto no capítulo II do Título IV do RD 2560/1986.

Segundo o art. 79 deste RD 2560/1986, “Son sesións extraordinarias urgentes as convocadas por el Alcalde o Presidente cuando la urgencia del asunto o asuntos a tratar no permite convocar la sesión extraordinaria con la antelación mínima de dos días hábiles exigida por la Ley 7/1985, de 2 de abril. En este caso debe incluírse como primer punto del orden del día el pronunciamiento del Pleno sobre la urgencia. Si ésta no resulta apreciada por el Pleno, se levantará acto seguido la sesión.”

Á vista da documentación incorporada ao expediente 80-142, ao abeiro do procedemento de aprobación de orzamentos establecido no ROP e á vista das normas reguladoras do funcionamento das sesións das comisións informativas, a convocatoria axústase ao procedemento legalmente previsto no art. 79 do RD 2560-1986, onde non se establece un prazo mínimo de antelación para este tipo de convocatorias.

#### b) Falta de motivación da urxencia

Na acta da propia sesión da Comisión Informativa Extraordinaria e Urxente do 7 de novembro de 2023, asinada pola Secretaria Xeral Accidental do Pleno con data 14-11-2023, consta o seguinte:

“Intervén en primeiro lugar o Sr. Presidente da Comisión, Jaime Aneiros Pereira, explicando que a urxencia desta sesión ven motivada polo cumprimento dos prazos establecidos no calendario previsto para a aprobación do orzamento xeral do Concello de Vigo, tal e como se recolle en dilixencia asinada pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria do Concello de Vigo, do 07-11-2023 (expediente 80/142).”

Polo que na sesión o seu Presidente pronunciose sobre a motivación da urxencia que se incluía na orde do día.

Sen prexuízo do antedito, á vista do recurso presentado contra dita sesión, deuse traslado do mesmo á Dirección Superior Contable, quen con data 17 de novembro de 2023 emitiu o seguinte informe:

*“Pola Secretaría Xeral Accidental do Pleno, solicítase informe sobre o Recurso presentado polo Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) en relación coa convocatoria da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda celebrada o día 7 de novembro de 2023, na que se presente e ditamina o calendario de tramitación e aprobación do Orzamento Xeral.”*

#### Sobre os fundamentos do recurso

##### Fundamento Primeiro.

*O recurso considera un incumprimento flagrante e inxustificado do deber legal de convocatoria de acordo coas normas regulamentarias.*

*En relación co este fundamento, o artigo 36.1 do Regulamento Orgánico do Pleno, ao igual que a regulación prevista na Lei 7/1985 e no Real Decreto 2568/198, prevén a convocatoria de sesións*

CONCELLO DE VIGO. Praza do Rei, 1-36202 Vigo (Pontevedra)-986 81 02 19 - [ofi.asexur@vigo.org](mailto:ofi.asexur@vigo.org) - Buzón Lexnet Ayuntamiento de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/12/2023 13:34	Páxina 2 de 9
4139-1101	CSV: A7AC36-8CBDEH-DHDFB6-SC6R15-EU3XD5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



extraordinarias e urxentes, que teñen que estar motivadas e a urxencia, ten que ser votada con carácter previo. Ten que pórse a disposición dos cargos electos a documentación do expediente.

Todo o procedemento, foi cumprido:

- Xustificouse a urxencia, facendo constar a necesidade de ter aprobado e publicado o acordo de aprobación definitiva dentro do ano 2023, sendo o último día de publicación do BOPP o 29 de decembro, caso contrario, o Orzamento entraría en prórroga.

Neste informe se relacionan os efectos de non ter aprobado un orzamento en prazo.

- Votouse a urxencia.
- Púxose a disposición dos membros do Pleno, a totalidade do expediente, que non será ditaminado sobre o fondo na sesión de esta Comisión I Urxencia Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda Urxencia Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda do día 7, senón na do día 20 de novembro, 13 días despois.

Nesta sesión da Comisión Informativa, deuse a coñecer o calendario de tramitación, cuxa proposta corresponde ao Sr. Alcalde ou Concelleiro/a que teña delegada a competencia, e abriuse o acceso á consulta do expediente expediente ás 14 horas do día 7 de novembro.

En canto ao acceso ao expediente, este é unha consecuencia do ditame favorable do calendario, en caso contrario, non se abriría o acceso ao expediente, polo tanto, o único asunto do orde do día, soamente pode ser o de aprobar o calendario de tramitación, non o acceso ao expediente, xa que o trámite de presentación de emendas, é consecuencia do calendario de tramitación.

Polo tanto, non hai incumprimento do previsto no ROP, esta sesión da Comisión Informativa, soamente vai a aprobar o calendario non ten o contido de estudo do expediente.

### **O Fundamento segundo, alega falla de motivación da urxencia**

Sobre este extremo, incorpórase a xustificación que figura no expediente e na convocatoria.

### **ORZAMENTO 2024**

**Asunto: Xustificación para súa inclusión na sesión Extraordinaria Urxente da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda de data 7 de novembro.**

Tendo en conta os prazos de tramitación e aprobación do Orzamento do ano 2024, tendo que estar publicado antes do remate do ano, e preciso que se inclúa o expediente na sesión extraordinaria urxente da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda do día 7 de novembro por estar así previsto no calendario de tramitación do expediente que se achega:

#### **CALENDARIO DE TRAMITACIÓN DO ORZAMENTO**

##### **Outubro**

Prazo remate de formación de orzamento completo con proposta: Limite 27 de outubro

Entrega do expediente para informe de fiscalización: 27/10

CONCELLO DE VIGO. Praza do Rei, 1-36202 Vigo (Pontevedra)-986 81 02 19 - [ofi.asexur@vigo.org](mailto:ofi.asexur@vigo.org) - Buzón Lexnet Ayuntamiento de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2023 13:34

Páxina 3 de 9

4139-1101

CSV: A7AC36-8CBDEH-DHDFB6-SC6R15-EU3XD5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



### Novembro

*Emisión de informe de fiscalización: 07/11*

*Aprobación do Orzamento Xeral pola Xunta de Goberno Local: 07/11*

*Convocatoria Comisión Informativa: 07/11*

*Apertura da Comisión informativa de orzamentos e Facenda para a presentación de emendas: 08/11 inclusive, fixando a data da CI de ditame de emendas o 20/11.*

*Convocatoria de Consello Social: 08/11*

*Remate do prazo para a presentación de emendas: 16/11 ás 13 horas*

*Resolución de emendas e nova proposta á Comisión Informativa: 17/11*

*Ditame da Comisión informativa do Orzamentos e Facenda: 20/11*

*Convocatoria do Pleno aprobación inicial: 20/11*

*Xuntanza do Consello Social da Cidade: 17/11*

*Celebración do Pleno: 23/11*

*Publicación do anuncio no BOPP: 24/11*

*Exposición ao público a partires do (inclusive): 27/11*

### Decembro

*Remate da exposición ao publico: 19/12*

*Contestación de alegacións, data límite: 20/12*

*Convocatoria Comisión Informativa de orzamentos e Facenda Ditame aprobación definitiva: 20/12*

*Xuntanza da Comisión informativa: 22/12*

*Convocatoria do Pleno: 22/12*

*Pleno da Aprobación definitiva: 28 /12*

*Publicación aprobación definitiva no BOPP: 29/12*

*Seguindo o calendario de tramitación, o último día para facer a publicación da aprobación definitiva e o 29/12/2023, non habendo marxes para demorar a convocatoria da Comisión Informativa.*

*Esta Comisión Informativa ten como único obxecto dar traslado do expediente aos Voceiros dos grupos municipais que se instrumentaliza co acceso ao expediente electrónico a todos os membros do Pleno e de acordar calendario para a presentación de emendas.*

*O estudo do expediente por parte dos Srs. Concelleiro comenza desde o mesmo día 7 até o 16 de novembro para a presentación de emendas, que a partires de aí, celebrarase outra Comisión Informativa para someter a ditame a nova proposta, e someter á decisión do Pleno do 23 de novembro para a súa aprobación inicial.*

*Posteriormente, o expediente terá os prazos de exposición pública pertinentes, nova proposta de ditame e aprobación definitiva, si procede, polo Pleno da Corporación.*

*A tramitación do expediente, ofrece toda a garantía en canto a prazos para que os Srs. Conselleiros formen a súa vontade en relación co posicionamento que adopten en relación ao mesmo.*

### **En relación co fundamento segundo, informase o seguinte:**

CONCELLO DE VIGO. Praza do Rei, 1-36202 Vigo (Pontevedra)-986 81 02 19 - [ofi.asexur@vigo.org](mailto:ofi.asexur@vigo.org) – Buzón Lexnet Ayuntamiento de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2023 13:34

Páxina 4 de 9

4139-1101

CSV: A7AC36-8CBDEH-DHDFB6-SC6R15-EU3XD5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



O artigo 82 do Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOPPO nº 114 do día 15/06/2016 (ROP), modificado polo Pleno en sesión do 24/02/2021, publicado no BOPPO nº 87 de 10/05/2021, regula :

Calendario de tramitación.

1. O proxecto de orzamento xeral aprobado pola Xunta de Goberno Local remitirase ao Rexistro do Pleno acompañado da documentación que integra o expediente e dos antecedentes necesarios.
2. Recibido o expediente o secretario xeral do Pleno dará conta de tal trámite ao presidente da Comisión competente en materia de Orzamentos que convocará sesión ao único obxecto de dar traslado dunha copia completa do expediente en soporte informático aos Voceiros dos grupos municipais e de acordar calendario para a presentación de emendas.

Ao teor do previsto no artigo 82 do ROP, esta sesión da comisión informativa, non ten por obxecto estudar e ditaminar sobre o fondo do asunto, unicamente se aproba o calendario de tramitación e dáse autorización electrónica para que os membros do Pleno, accedan á totalidade do expediente.

O ROP no seu artigo 76, establece o procedemento regulamentario común para a tramitación de Regulamentos e Ordenanzas, nos seus apartados 3 e 4, régúlase o seguinte:

3. Os proxectos de normas reguladoras do Pleno e das súas Comisións remitiranse directamente ao Rexistro do Pleno.
4. O secretario xeral do Pleno comunicará aos Voceiros dos grupos municipais a existencia dun proxecto de norma e a apertura dun prazo de seis días ao obxecto presenten emendas ao texto. A Alcaldía, mediante Resolución, a petición dun grupo municipal, poderá ampliar o prazo sinalado.

É dicir, para os regulamentos e ordenanzas, non se convoca Comisión Informativa para ditaminar o calendario de tramitación, comunícase aos grupos políticos a existencia de norma dando un prazo de seis días para presentación de emendas.

No caso do procedemento de aprobación dos Orzamentos, o artigo 81 do ROP, dálle preferencia de tramitación, establecendo o devandito artigo, que o proxecto de orzamento Xeral municipal, gozará de preferencia na súa tramitación con respecto ós demais traballos do Pleno, para os efectos do cumprimento dos prazos legalmente establecidos na normativa vixente en cada momento.

O devandito artigo do ROP, ten como obxectivo, dar cumprimento aos prazos da normativa vixente.

Tamén establece o réxime singular de presentación de emendas, mentres o réxime xeral que regula o artigo 76 establece un prazo de seis días, o artigo 83, establece no seu apartado 1, que as emendas, dentro do prazo acordado, presentaranse no Rexistro do Pleno. O ROP non fixa un prazo para a presentación de emendas, senón que será o que se acorde pola Comisión Informativa, que neste caso, figura no calendario, dende o mesmo día 7 ao 16 ás 13 horas, poñéndose de evidencia, que se considerou de maior relevancia o prazo para o estudo e presentación de emendas que o da Comisión informativa do día 20 de novembro, xa que esa comisión informativa, tamén ten o carácter de extraordinaria urxente a costa de aumentar os días dispoñibles polos cargos electos para estudar o expediente e propoñer emendas.

A motivación é clara, á necesidade de que o Orzamento estea aprobado definitivamente e publicado dentro do ano para a súa entrada en vigor, o 1 de xaneiro do ano 2024. O artigo 169.6 do TRLRFL, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece que, si ao iniciarse o

CONCELLO DE VIGO. Praza do Rei, 1-36202 Vigo (Pontevedra)-986 81 02 19 - [ofi.asexur@vigo.org](mailto:ofi.asexur@vigo.org) - Buzón Lexnet Ayuntamiento de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/12/2023 13:34	Páxina 5 de 9
4139-1101	CSV: A7AC36-8CBDEH-DHDFB6-SC6R15-EU3XD5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





exercicio económico no houberse entrado en vigor o orzamento correspondente, se considerará automaticamente prorrogados o do ano anterior...

### Efectos da prórroga orzamentaria

Esta prórroga, si fose o caso de non ter aprobado e publicado o Orzamento dentro do ano 2023, afectaría a todos os investimentos en execución, xa que non son prorrogables o créditos para investimentos nin aqueles que teñan financiamento afectado, tampouco poderían ser obxecto de prórroga o acordo vixente para a actualización dos salarios dos empregados públicos, polo que, unha situación de prórroga, que é un escenario excepcional, afectaría negativamente ao funcionamento ordinario da Entidade.

### Causas do atraso

Este ano, o expediente do Orzamento, vai con 5 días de atraso en relación cos anos precedentes, a causa fundamental de esta situación, é a propia situación dos Orzamentos Xerais do Estado, que entrarán en prórroga ao estar o Goberno en funcións, que limita a información en canto a contía das entregas a conta pola cesión de tributos e o fondo complementario de financiamento, que ten un gran impacto sobre os recursos locais, que neste ano, representa o 33,88% dos recursos correntes, así como a propia actualización das retribucións dos empregados públicos e a liquidación definitiva da participación correspondente ao ano 2022.

Como non foron comunicados os datos, tivéronse que facer proxeccións e estimacións sobre fluxos de ingresos que non dependen da entidade local, relacionados cos ingresos tributarios do Estado (ITE) e a aplicación do índice de evolución (IE), o cal, entre outras, foron a causa do atraso deses 5 días, que xustificou a convocatoria extraordinaria urgente.

A xustificación, tal en como se fixo constar no expediente, é precisamente que se trata de dar acceso ao expediente electrónico a todos os membros do Pleno e de acordar calendario para a presentación de emendas, ese acto, e unha posta en coñecemento do expediente.

O estudo do expediente por parte dos cargos electos comenza desde o mesmo día 7 até o 16 de novembro para a presentación de emendas, que a partires de aí, celebrarase outra Comisión Informativa para someter a ditame a nova proposta, e someter á decisión do Pleno do 23 de novembro para a súa aprobación inicial.

A tramitación temporal deste tipo de expedientes, é moi longa, polo que, a convocatoria extraordinaria e urgente, non limita ningún dereito nin capacidade de estudo, esta sesión da Comisión Informativa, non ten como finalidade debater sobre o fondo, soamente ditaminar o calendario e formalizar o acceso dos Srs. Concelleiros ao expediente.

A motivación da urgencia, fai constar estes conceptos.

### Fundamento terceiro. Do asunto obxecto da sesión

Único punto, "Comunicación do calendario previsto e apertura do prazo de presentación de emendas en expediente de aprobación do Orzamento Xeral doe Concello de Vigo para o ano 2024. Expediente 80/142.

CONCELLO DE VIGO. Praza do Rei, 1-36202 Vigo (Pontevedra)-986 81 02 19 - [ofi.asexur@vigo.org](mailto:ofi.asexur@vigo.org) - Buzón Lexnet Ayuntamiento de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/12/2023 13:34	Páxina 6 de 9
4139-1101	CSV: A7AC36-8CBDEH-DHDFB6-SC6R15-EU3XD5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



En relación co asunto, cabe facer a seguinte matización: A formación do Orzamento e unha prerrogativa outorgada polo artigo 168 do TRLRFL ao Presidente da Corporación, sendo o proxecto presentado o formado por quen lle corresponde legalmente ou por quen ostenta a delegación da competencia.

Polo tanto, acordar o calendario de tramitación que é o que prevé o artigo 82.2 do ROP, non é máis que sometelo a votación. O calendario ditaminado marca os prazos con antelación das sesións dos órganos até a súa aprobación definitiva, o cal, está dando unha información aos cargos electos por adiantado, fixando todo o ítem de tramitación, así mesmo, o prazo do que dispoñen os membros electos para estudar e presentar emendas parciais ou a totalidade.

#### **Fundamento cuarto. Do impedimento do efectivo exercicio dos dereitos fundamentais.**

No cabe discusión sobre esta suposta limitación a que aduce o Sr. Concelleiro, unha vez máis, hai que sinalar, que o estudo do expediente comenza co acceso ao expediente o día 7 do novembro, que gozan de 9 días para presentar emendas, que con posterioridade, unha vez informadas estas, se formulará nova proposta que se somete a debate da comisión informativa, co ditame da Comisión, sométese a debate do Pleno, de resultar aprobado, publicación do mesmo no BOPP e exposición ao público por un período de 15 días hábiles, nova proposta á Comisión Informativa, novo ditame, e novo debate no Pleno para a súa aprobación definitiva.

Resulta evidente que a convocatoria e xuntanza da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda o día 7 de novembro, de carácter extraordinario e urxente, NON lesiona dereitos fundamentais, como establece o artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, todos os membros das Corporacións Locais, teñen dereito a obter cantos antecedentes, datos ou informacións que obren no poder da Corporación que resulten necesarios para o desenvolvemento da súa función, dereito que neste caso quedou garantido. Neste caso, non hai antecedentes, a celebración da Comisión Informativa é precisamente para comunicarlle o acceso ao expediente.

O recurso presentado pretende darlle a esta Comisión informativa a cualificación de órgano complementario que vai ditaminar sobre o fondo do expediente que será sometido ao Pleno da Corporación, cando a realidade é mais sinxela, soamente ten por finalidade, dar acceso ao expediente a todos os cargos electos e aprobar o calendario de tramitación, que como se indicou, é unha garantía para os cargos, xa que dispoñen a partires de ese acto, de todo o proceso de tramitación cunha antelación até a aprobación definitiva do proxecto do Orzamento.

#### **Conclusión**

Analizados os distintos fundamentos que se reflicten no recurso presentado non hai motivos para deixar sen efecto a convocatoria da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda celebrada o 7 de novembro, que ao teor do contestado neste informe, non pode ser considerada irregular como pretende o recorrente e moito menos de lesionar o efectivo exercicio dos dereitos fundamentais.”

#### **c) Enunciado incorrecto da convocatoria no segundo punto na orde do día.**

CONCELLO DE VIGO. Praza do Rei, 1-36202 Vigo (Pontevedra)-986 81 02 19 - [ofi.asegur@vigo.org](mailto:ofi.asegur@vigo.org) - Buzón Lexnet Ayuntamiento de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/12/2023 13:34	Páxina 7 de 9
4139-1101	CSV: A7AC36-8CBDEH-DHDFB6-SC6R15-EU3XD5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



A pesar de que o enunciado do segundo punto da orde do día literalmente dí “comunicación” e non “aprobación” do calendario, o certo é que na sesión, o asunto someteuse a votación tal e como esixe o Regulamento Orgánico Municipal, á vista de que se evidenciou un mero erro material que emendouse coa votación do mesmo. Así na acta da sesión recóllese expresamente que:

*“Intervén en primeiro lugar o Sr. Presidente da Comisión, Jaime Aneiros Pereira, explicando que sométese a aprobación neste punto de xeito conxunto, a posta a disposición do expediente completo do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2024, así como o calendario de tramitación-aprobación de dito orzamento, que inclúe o prazo para presentar emendas.*

*A Sra. Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Dna. Luisa Sánchez Méndez manifesta que non dispón de copia de dito documento.*

*A Secretaria da comisión facilita á Sra. Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Dna. Luisa Sánchez Méndez, unha copia do calendario asinado pola Dirección Superior Contable e polo Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda con data 07-11-2023, no que se inclúe o prazo de emendas.*

*A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, emite voto ponderado de conformidade co acordo adoptado polo Pleno en sesión do 03.07.23, e por seis votos a favor (cinco do Grupo Municipal Socialista e un do Grupo Municipal do Partido Popular), ditamina favorablemente o calendario proposto que inclúe o prazo de emendas que a continuación se transcribe, así como o traslado do expediente aos voceiros dos grupos municipais:(...)”*

Á vista do exposto, non se pode entender este erro como unha causa de nulidade de pleno dereito das previstas no art. 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das AAPP (LPAC), xa que na sesión seguiuuse o procedemento establecido no ROP para a aprobación do orzamento, e en concreto, realizouse debidamente este trámite relativo á aprobación do calendario pola Comisión Informativa.

#### **d) Impedimento efectivo dos dereitos fundamentais de asistencia ás sesións.**

Coa convocatoria da sesión extraordinaria e urxente deuse acceso ao expediente electrónico a todos os/as concelleiros/as convocados, e proporcionouse a información relativa ao lugar e data de celebración da sesión.

A convocatoria foi notificada, entre outros, aos tres membros do Grupo do BNG, coa finalidade do seu coñecemento e asistencia. No caso de non poder asistir a titular membro do Grupo do BNG, poderían facelo os concelleiros suplentes de dito grupo.

Tal e como consta na acta da sesión, dita convocatoria non impediu a asistencia da concelleira do Grupo do PP, quen foi convocada do mesmo xeito, polo que non consta xustifico ese impedimento de asistencia, nin consta que non se dera acceso á información obrante no expediente.

#### **e) Órgano competente**

Corresponde a resolución deste recurso ao concelleiro delegado de Área de Orzamentos e Facenda en calidade de Presidente da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda como órgano que ditou a convocatoria da sesión impugnada, ao abeiro do establecido polo art. 123 en

CONCELLO DE VIGO. Praza do Rei, 1-36202 Vigo (Pontevedra)-986 81 02 19 - [ofi.asegur@vigo.org](mailto:ofi.asegur@vigo.org) – Buzón Lexnet Ayuntamiento de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/12/2023 13:34	Páxina 8 de 9
4139-1101	CSV: A7AC36-8CBDEH-DHDFB6-SC6R15-EU3XD5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





consonancia co Decreto do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, relativo á delegación de competencias xenéricas en concelleiros de data 23-06-2023, no seu apartado primeiro letra h).

Á vista do exposto emítese a seguinte,

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**Primeiro.-** Desestimar o recurso de reposición formulado polo voceiro do Grupo Municipal do BNG, Xabier Pérez Iglesias, contra a celebración da sesión extraordinaria e urxente da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda o día 7 de novembro de 2023.

**Segundo.-** Notificar a resolución deste recurso ao interesado, con indicación de que contra a mesma poderá interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a partir do día seguinte á data da súa notificación ao abeiro dos arts. 8.3 E 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Todo elo sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que estime oportuno.

En Vigo, na data da sinatura dixital.  
A Secretaria Xeral Accidental do Pleno,

Elena Ares Salgado

### II.- RESOLUCIÓN

RESÓLVASE DE CONFORMIDADE, coa proposta realizada pola Secretaria Xeral Accidental do Pleno.

O Concelleiro de Orzamentos e Facenda, Jaime Aneiros Pereira  
Dou Fe, a secretaria do Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

